

Día internacional contra a violencia de xénero

Secretaría Confederal da Muller

Alfonso Molina s/n, 8ª planta (Edificio sindical)
15008 A Coruña
Teléfono: 981 16 92 93 - 981 90 06 33.
Fax: 981 15 15 39
Correos electrónicos:
muller.mocidade@galizacig.net
tecnica.igualdade@galizacig.net



Non deixes que che pasen por riba! DILLE NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO!



Día internacional contra a violencia de xénero



Non deixes que che pasen por riba!

DESDE a nosa central sindical levamos anos analizando os factores socio-culturais que aplican, manteñen e xustifican a desigualdade entre a muller e o home, comezando pola socialización sexista das nosas crianzas, a división sexual do traballo, a inexistencia dunha conciliación da vida privada e a actividade profesional, a infrarrepresentación das mulleres na toma de decisións, a invisibilización das mulleres no espazo público, todas as formas da violencia de xénero, as dificultades para compatibilizar a saúde reprodutiva co traballo, etc. A falta de sensibilización e concienciación dos problemas que suscita na muller a imposición de roles pola sociedade e a forzada distribución do seu tempo, todas estas situacións de desigualdade non poden combaterse eficientemente sen **o interese, a implicación e o compromiso desta sociedade.**

Sabemos que a violencia de xénero se pode dar en todos os grupos sociais e en todos os niveis socioeconómicos e culturais. O agresor exerce a violencia para someter a muller e perpetuar así a relación de dominio e control. A violencia maniféstase de diversos xeitos: o físico é o máis visíbel e evidente, pero tamén existe o abuso verbal, emocional, económico, psicolóxico, ambiental e a violencia sexual.

As agresións e os malos tratos cara as mulleres danse en calquera espazo: no fogar, na rúa, nos centros de traballo, nos centros de ensino... Así, no mundo laboral, o acoso sexual aglutina diferentes xeitos de agresión ás mulleres. En todos os casos, a traballadora ten que facer fronte a unha conduta sexual non desexada. O posto de traballo así como as condicións laborais son empregadas como un instrumento de chantaxe, que en moitos casos non se denuncia.

Tanto no mundo laboral como no fogar, incluso nas aulas, quen agrede diferénciase da persoa agredida identificándose cun modelo social baseado no dominio e na submisión, carece de capacidade para optar por estratexias non violentas coas que resolver conflitos entre iguais, así como unha dispoñibilidade para a agresión, dificultades para poñerse no lugar dos demais, etc. Logo tamén existe unha tendencia a culpabilizar a vítima, onde quen agrede –e ás veces tamén o contorno- xustifica o seu comportamento limitándose a reaccionar ante provocacións da vítima.

25 de novembro: Dille non á violencia de xénero!

AS mulleres e os homes que formamos parte da Confederación Intersindical Galega consideramos fundamental erradicar estas situacións desde as primeiras etapas educativas, e favorecer a identificación das e dos adolescentes cos valores de respecto mutuo, empatía e non violencia, para previr o acoso e a agresión na escola, co obxecto de eliminalo tamén na sociedade. Para isto, convén ter en conta que un dos obxectivos é ensinar a respectar certos límites, e difundir que **a impunidad ante a violencia xera máis violencia.**

O sistema capitalista é patriarcal e afianza o sometemento das mulleres respecto aos homes. Esta inferiorización é a que da pé á violencia sexista. As mulleres sempre fomos discriminadas no mundo laboral que está dividido aínda hoxe en función do sexo, e onde a posición das mulleres segue a ser subsidiaria. E a violencia de xénero, xunto coas agresións sexuais e o acoso sexual son o resultado das relacións de poder que discriminan as mulleres. Para poñerlle fin **é preciso mudar o modelo de relacións laborais, transformando tamén as relacións sociais,** e en particular as estruturas e os valores patriarcais que perpetúan e consolidan na sociedade esta violencia sexista, facendo desaparecer situacións e condicións que promoven agresións contra as mulleres.

Nesta tarefa o papel do sindicalismo é clave.

Non deixemos
que nos pasen
por riba. **Actuemos!**

**DILLE NON
Á VIOLENCIA DE XÉNERO!**

